

O caso de Helena (I)



OBXECTIVOS DA DINÁMICA

- » Traballar os valores e as crenzas.
- » Orientar ao alumnado cara a unha tarefa.
- » Aumentar o grao de coñecemento sobre un mesm@.

O PROBLEMA DE HELENA

A Helena diagnosticáronlle unha enfermidade moi rara, cuxo tratamento require un custo moi elevado. Os científicos que se dedicaron ao desenvolvemento desta medicación traballan para unha das empresas farmacéuticas de máis poder neste país, así que os seus avances son inmediatamente convertidos en beneficios para a empresa.

Calcúlase que o custo do medicamento (o que custa facelo) é de 2€ cada comprimido, pero a farmacéutica vende cada unha das caixas de 5 comprimidos por 900€. Helena tería que consumir 2 caixas desta medicación cada semana, durante toda a súa vida.

Como se trata dun novo medicamento, a Seguridade Social non o recoñeceu aínda e, polo tanto, non o subvenciona. Ao tratarse dunha enfermidade moi rara, as peticións das familias afectadas por esta lentitude das administracións non teñen a forza suficiente para lograr que a sociedade se decate do calvario polo que están a pasar.

Helena traballaba como avogada e o seu marido era capataz na construción. Teñen 3 fillos, de 5, 8 e 12 anos de idade. Tiveron que trasladarse, para estar preto dun hospital especializado nesta enfermidade. Ademais, era imposible seguir mantendo a vivenda, o traballo, a familia e ao mesmo tempo facer fronte ás necesidades de Helena. O cambio de domicilio tróuxolle outros problemas: os fillos agora teñen que compartir unha habitación, Helena non pode traballar e o seu marido tivo que deixar o seu emprego. Venderon o seu piso para conseguir diñeiro co que poder custear a medicación de Helena. Tras 3 meses de tratamento gastaron, só en medicación, preto de 22000€. Calculan que así poderán subsistir un ano, á conta de ter que vender a súa vivenda e dos seus aforros. Helena só ten 40 anos.

Un amigo da familia ofreceuse a axudarlles. Para iso, reuniuse con Helena, co seu marido e cos seus fillos para analizar cales son as súas necesidades, cales os seus medios dispoñibles e cales as súas ameazas. Froito desta análise atoparon que esta familia o que necesita é:

Rafa, o marido, necesita traballar para conseguir diñeiro co que vivir e axudar a custear o tratamento. Ademais, necesita axuda para poder atender a Helena mentres el vai traballar. A presión fai que viva ao 500% da súa capacidade, está a facer un esforzo inmenso e isto acabará pasándolle algún tipo de factura.

Os fillos necesitan atención, desde a enfermidade da súa nai deixaron todas as súas actividades, comezaron a ter problemas na escola, xa non renden academicamente, están tristes... os pais veno, pero séntense tan desbordados por toda a situación e tan afundidos que non son capaces de axudarlles, o que lles fai sentir aínda máis culpables.

Helena necesita saber que lle custearán ou lle axudarán a custear a medicación que necesita, para iso necesita persoas que lle axuden a facer visible o seu caso, para presionar dalgunha maneira aos gobernantes do país, para que esa medicación entre na lista da Seguridade Social. Deste xeito subvencionaríanlle o 60% do seu custo e, co seu traballo e o do seu marido, poderían continuar a súa vida.

Tamén necesita que lle axuden a recuperar a súa autoestima, desde que lle descubriron a súa enfermidade sente que é unha carga para a familia. Antes era unha das sustentadoras, está realmente afundida. Ver aos seus fillos tan desmotivados e tristes, ao seu marido tan sobrecargado... fai que a súa propia recuperación sexa máis lenta. Necesita animarse, sentir que non é unha carga.

Estar tanto tempo nunha cama de hospital tamén provocou que fisicamente estea moito máis débil, necesita tamén algún tipo de axuda para a súa rehabilitación física.

Non queren vivir das axudas económicas, isto veno como unha ameaza para eles, necesitan axuda aquí e agora, pero non queren esmolas, iso din que lles faría sentir peor. O que máis necesitan é sentirse apoiados no seu día a día, están empezando a perder as forzas, por máis que o tentan, senten que son invisibles para a sociedade.

Gracias !!

O caso de Helena (II)



DESENVOLVEMENTO DA DINÁMICA

- » Lese o caso en voz alta, para toda a clase.
- » Lánzanse as seguintes preguntas:
 - » Hai algo que vos pareza inxusto na situación que está a pasar a familia de Helena?.
 - » Que vos parece que consideren a axuda económica como unha esmola?
 - » Cantos de vós/as estariades dispostos a axudar a esta familia?
 - » Todos os que queredes axudar acabaredes participando. Empezamos buscando a voluntarios/as para facer o papel do amigo de Helena: Quen de vós sentides gañase pensades que tendes capacidade para organizar as axudas necesarias, de ser os xefes de equipo?
- » Escóllense 4 alumnos/as entre os que se ofrecen voluntarios/as e entrégamoslles unha copia do caso a cada un. Entre todos, teñen 5 minutos para decidir de que forma van crear equipos de traballo (un equipo pode encargarse de publicitar o caso, outro das axudas a nivel asistencial, outro das axudas legais e outro da xestión económica, por exemplo).
- » Unha vez dividiron as tarefas, cada xefe de equipo di o seu labor e busca voluntarios/as para a súa causa.
- » Aos alumnos/as que queden sen equipo preguntámoslles se queren participar e de que forma lles gustaría facelo. Poden facelo de forma individual ou, se coinciden en intereses, formar novos equipos. A quen non lles interesa participar, pedímoslles que, de forma individual ou en equipo expresen por que non queren facelo.
- » Cada equipo dispón de 10 minutos para establecer un plan de acción, especificando tarefas, quendas, persoas necesarias e que esperan conseguir con esa acción específica.
- » Tras eses 10 minutos, os xefes/as de cada equipo expoñen o seu plan de acción. Comprobamos que con esas accións as necesidades quedaron cubertas.
- » Pedímoslles aos alumnos/as que non quixeron participar que expoñan os seus motivos.

REFLEXIÓN

- » Que vos pareceu a dinámica? Gustouvos?
- » Como vos sentistes axudando a esta familia?
- » Resultouvos difícil escoller o equipo no que traballar?
- » Os que non quixestes participar, como vos sentistes?
- » Creedes que é importante traballar no que a un lle gusta?
- » Como valorades o criterio de "saídas profesionais" para escoller unha profesión? Canto de importante creedes que é?
- » Onde está a dificultade á hora de escoller unha das saídas profesionais?
- » Que factores creedes que debes ter en conta antes de tomar unha decisión?